

Os castros do concello de Oleiros

COMENDADOR REY, B.*,
FERRER CRUZ, J.,
VÁZQUEZ COLLAZO, S.**

*«...Decían noutros tempos que quen tocara a esta pedra
morrería dentro dos nove días xustos,
debido a un encantamento que lle deran os mouros.(...)
A virtú da pedra das agullas foi negada despois por todos.
Tocáballe quen quería, sin térenlle medo,
e asta fixeron enriba dela certas necesidades.
¡Xa sabedes de que maneira morren os vellos encantamentos!...»*

Manuel Lugrís Freire
«O Escarmento», 1908

Sumario

Neste traballo pretendemos unha dobre tarefa. Por unha banda, facer unha valoración sucinta do patrimonio arqueolóxico do concello de Oleiros, especialmente dos xacementos coñecidos como castros, baseándonos nunha información recentemente contrastada. Doutra banda, facer unha pequena revisión da historiografía arqueolóxica neste ámbito espacial para realizar un balance dos procesos de deterioro do patrimonio arqueolóxico, especialmente nos últimos cincuenta anos. O noso obxectivo é pór de manifesto a perentoria necesidade de salvagardar este patrimonio cultural, non só a través de actuacións institucionais, senón a través da toma de conciencia da nosa sociedade.

Abstract

This paper focuses on two main parts. First we provide a brief description of the Oleiros archaeological heritage, with special focus on the Castro Hillforts, based on the latest information. A review of the archaeological historiography of this area then follows, which is necessary in order to evaluate the deterioration of this site during the last fifty years. The aim of this paper is to highlight the urgent need to safeguard our cultural heritage, not only through institutional action, but also through increasing awareness to our society.

1. O MARCO XEOGRÁFICO

O término municipal de **Oleiros** sitúase na parte noroccidental da provincia de A Coruña (Figura 1), ocupando unha superficie de algo máis de 43 km². Este concello, inserto na *Comarca de A Coruña*, limita polo norte e oeste co Océano Atlántico e a Ría de A Coruña, polo leste co Concello de Sada, polo sur con Cambre e Culleredo e, polo sudoeste, co Concello de A Coruña (capital provincial e comarcal). Oleiros ocupa a parte occidental da península que separa a *Ría de Betanzos* da mencionada *Ría de A Coruña*, e aínda que se pode considerar que historicamente é un municipio vencellado á *Comarca de As Mariñas*, na actualidade forma parte da denominada *área metropolitana coruñesa*.

* **Beatriz Comendador** é arqueóloga e profesora Asociada da Área de Prehistoria (Departamento de Historia, Arte e Xeografía) na Facultade de Historia de Ourense da Universidade de Vigo. Campus As Lagoas. beacomendador@uvigo.es

** **Joaquín Ferrer** e **Santiago Vázquez** son arqueólogos da empresa Tomos Conservación e Restauración S.L. de Vigo -Pontevedra-. tomos@tomos.es




FIGURA 1. Ubicación da área de estudio.

O territorio municipal atópase dividido en nove parroquias: Santa María de Dexo, San Martiño de Dorneda, San Xurxo de Iñás, Santa Eulalia de Liáns, San Cosme de Maianca, Santa María de Oleiros, Santa Locadia de Perillo, San Pedro de Nós e San Xiao de Serantes. A capital municipal sitúase no núcleo de *Oleiros* (emprazado na parte suroccidental do territorio).

O relevo que define o territorio do Concello de Oleiros amosa unha relativa uniformidade. Dende o punto de vista topográfico hai que incluílo dentro da, suavemente ondulada, chaira litoral de As Mariñas, área onde non se acadan alturas moi elevadas: tan só cabe salientar o Monte Morzán (a penas 148 m.s.n.m.), o alto de O Castelo (175 m) ou o Monte Muíño (176 m).

Dende o punto de vista hidrográfico hai que salientar a presenza de numerosos arroios que discorren por vagoadas amplas e de suave pendente en lugares como Mera, Bastiagueiro ou Santa Cruz. Estes pequenos cursos fluviais rematan en abrigadas enseadas onde se teñen formado acumulacións de area que deron orixe a unha serie de magníficas praias, entre as que sobresa a punta areosa de Santa Cristina (situada entre a baía de A Coruña e a ría de O Burgo).




FIGURA 2. Angel del Castillo (arriba) e Uxío Carré Aldao (abaixo). Croquis do Castro de Vixía Subiña segundo Angel del Castillo.

Un elemento esencial dentro das características xeográficas do concello de Oleiros é o seu litoral marítimo. A costa oleirense, moi recortada, está «ocupada» por numerosas praias de areas finas, pero que se intercalan con treitos de litoral rochoso con escarpados cantís moi afectados por un proceso de abrasión mariña. Entre estes últimos hai que mencionar a punta do Faro de Mera ou o Seixo Branco, co pequeno illote de A Marola situado xusto en fronte deste último saínte rochoso. Este recortado litoral de pequenas penínsulas e protexidas praias oferta magníficos emprazamentos para o asentamento humano, tal e como o testemuñan os numerosos castros e xacementos romanos que dende a Ría de Ferrol ata a cidade de A Coruña balizan a costa; sen embargo, tamén é a zona onde a presión humana e urbanística faise máis forte cunha densa ocupación do territorio, afectando negativamente á conservación do potencial arqueolóxico desta parte do Golfo Ártabro.

2. ANTECEDENTES DA INVESTIGACIÓN SOBRE OS CASTROS

DO CONCELLO DE OLEIROS

Un dos pioneiros da arqueoloxía galega, o ilustre coruñés Angel del Castillo, vai a tratar dos castros de Oleiros na súa obra «*Los Castros Gallegos*» (1908). Alude ao emprazamento do Castro de Vixía Subiña «...*Castro prehistórico de Subiña, buen punto de vista sobre la costa y las rías de Sada y Coruña...*» (Castillo, 1972: 163-164). (Figura 2)

Outro coruñés, Uxío Carré Aldao (1859-1932), un dos fundadores da Real Academia Galega, da algunhas referencias na súa descrición da Provincia da Coruña (En *Geografía del Reino de Galicia* dirixida por Carreras y Candi): «...*el nombre de este ayuntamiento dicen proviene de la gran cantidad de olas (ollas) que se encontraron en su término conteniendo cenizas humanas... Como toda la costa, fue lo más poblado siempre, y entre sus monumentos prehistóricos figuran Iñas, Xaz, Dorneda, Oleiros y Subiña...*» (Carré, 1980b: 765).

Nos anos oitenta, varios traballos de síntese abranguen os castros de Oleiros; así Romero (1980: 72-73) sobre os castros costeiros do norte de Galicia, e Rey (1984), no estudio e catalogación dos castros da provincia de A Coruña, apuntando moita información das prospeccións realizadas por Enrique Monteagudo García (*Castros de Lorbé, Castromén, Subiña, Castrillón, Breixo, Abeleiras*). Ademais, conservados tanto no Museo Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón de A Coruña, como na biblioteca de Oleiros, figuran datos e debuxos soltos dun traballo inédito de Juan Naveiro e Felipe-Senén López, realizado cara ó ano 1982¹, sobre os castros do concello. Atopamos tanto a descrición en forma de fichas, como varios debuxos dos castros de Punta Roza, Torrella, Xaz, etc. Non temos referencia de que este traballo finalmente vira a luz na revista *Brigantium* nin noutra publicación, aínda que si foi tido en conta na primeira catalogación oficial de xacementos arqueolóxicos de Oleiros para o *Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia*, realizada por C. Martínez Garrido (1989). Catalogáronse entón un total de catorce xacementos castrexos, sen que se identificaran restos de actividade humana anteriores á Idade do Ferro a través de restos arqueolóxicos.

Un acontecemento importante foi a intervención arqueolóxica na Igrexa de Santa María de Dexo (Soto, 1990; Soto e Lestón, 1991-92) co patrocinio do propio concello de Oleiros e o aval do Museo Arqueolóxico Castelo de San Antón de A Coruña². Aproveitouse a oportunidade que ofrecían as obras de restauración dirixidas polo arquitecto J. R. Soraluze Blond para facer un seguimento das obras que implicaron remoción de terra, e tamén para a realización de sondaxes. Confirmouse que non había construcións de momentos anteriores ao século XII, aínda que algúns elementos poderían facer remontar a fundación do templo a momentos anteriores. E tamén o uso do subsolo como necrópole ao longo do tempo dende finais do século XIV, tanto no interior da igrexa, como no exterior. Igualmente atopáronse algúns elementos de filiación romana ou incluso de cronoloxía prerromana, de orixe non aclarada³. Os materiais e restos antropolóxicos foron depositados no Museo

¹ Imos citalo como Naveiro e López (1982 inédito).

² O templo foi reconstruído polo concello de Oleiros conservando a maior parte da súa configuración orixinal. (Concello, 1996)

³ «...*un sillar de una pared interior de la nave, rematado con un sogueado, en el que se lee: IONI+ + OMC; un fragmento de técula localizado en la cata B; y la pieza de granito con cazoleta, cuyo paralelo más cercano se encuentra en la iglesia de Moraime (Muxía-A Coruña), asociada a una necrópolis romana; de manera más incierta están algunos objetos de contexto doméstico como el molino barquiforme, de cronología prerromana y el afilador...*» (Soto e Lestón, 1991-92: 134).

Arqueolóxico e Histórico Castelo de San Antón de A Coruña, pero non están expostos ao público. Onde si teñen entrada é na memoria dalgúns dos veciños de Oleiros, xa que recordan entre outras cousas, a aparición dun enterramento infantil⁴.

Nos últimos anos asistimos á realización de intervencións arqueolóxicas nas áreas de protección de varios xacementos catalogados como castros. Así en 2002 fixéronse unhas sondaxes valorativas no Castro de Edreira, con motivo da instalación dun depósito de auga, que deron como resultado a localización e documentación do foxo, cunha configuración singular, a uns trece metros da muralla do castro (Parga, 2002); en 2003 fíxose un control arqueolóxico no contorno do Castro de Xaz, sen indicios de estruturas arqueolóxicas (López Alonso, 2003). O material atopado ingresou no Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña⁵; finalmente, en 2005, leváronse a cabo unhas sondaxes no lugar onde J. Naveiro e F.-S. López (1982 inédito) tiñan situado o Castro de Serantes (Agorniños) (GA15058007), do que sinalaban «...*el yacimiento está gravemente alterado y constituido por un único recinto de configuración circular y de aproximadamente 100 m de diámetro, defendido en su área sur por un terraplén que no supera los dos metros de altura. Se encuentra modificado por labores de cultivo así como por edificaciones y trazados de caminos al norte, donde el terraplén desaparece casi por completo, manteniéndose algún resto al este...*». As sondaxes non confirmaron a presenza de estruturas arqueolóxicas, atopando máis ben unha terraza de cultivo (Aboal, 2005 e comunicac. pers.).

Entre 2005-2006 o Concello de Oleiros acometeu a tarefa de catalogación e delimitación dos xacementos, dirixida por Ferrer (2006)⁶ e a realización de fichas (Alvarez, 2004; Cañizo, 2005).

3. A CATALOGACIÓN DOS CASTROS DO CONCELLO DE OLEIROS: FONTES PARA A REALIZACIÓN DO CATÁLOGO

Entre 2005-2006 fíxose unha catalogación da riqueza arqueolóxica do Concello de Oleiros de cara á súa protección como bens patrimoniais, a través da súa inclusión dentro das normas de ordenación urbana. Para a realización do catálogo de xacementos arqueolóxicos, fixéronse diversas tarefas básicas.

En primeiro lugar a montaxe e revisión cartográfica dos planos correspondentes ao territorio municipal de Oleiros, xa que o estudo da topografía e o relevo en detalle sempre ofrece claves que permiten prever o posible emprazamento de xacementos arqueolóxicos (neste caso, os castros). Outra fonte importante foi o control e a busca de topónimos arqueoloxicamente significativos na cartografía dispoñible, información que se completou no campo coa realización de enquisas etnográficas.

Tamén se buscaron referencias arqueolóxicas concretas a través de *documentación oficial*. Así consultáronse diversos datos desta natureza; en concreto as *Fichas de Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia* correspondentes ao Concello de Oleiros⁷ (depositadas na sé do Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de

⁴ Temos atopado nos foros de internet, a pregunta dun veciño de Oleiros sobre o paradeiro destes materiais. Esperamos que a publicación deste texto contribúa a responder preguntas coma esta.

⁵ http://www.aytolacoruna.es/memoriacultura/2003/pdf/museo_arqueolo.pdf (data da consulta, abril 2006)

⁶ O traballo de catalogación e delimitación arqueolóxica dos xacementos do concello de Oleiros foi realizado por Ferrer e Vázquez entre os anos 2005-06. Financiado polo Concello de Oleiros.

⁷ No que se incluían un total de 21 puntos arqueolóxicos de diferente natureza (xacementos-GA, refencias-REF e topónimos-TOP).




FIGURA 3. GA15058001. Castro de Punta Roza (Sta. M^a de Dexo) Esquerda: (Foto aérea Concello Oleiros). Dereita: Delimitación sobre a foto do vó americano dos anos 50 (Folla 2a, Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña).

Patrimonio Cultural en Santiago de Compostela); e o *Inventario de Patrimonio Histórico-Artístico* por Concellos das *Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial de A Coruña/Anexo 3*.

Tampouco debe ser esquecida outro tipo de *documentación e información non oficial* (facilitada por particulares), xunto coa imprescindible *revisión bibliográfica*.

Unha fonte importantísima foi a revisión de fotografía aérea antiga (anos cincuenta, 1980 e 1990) e recente, o que permitiu estudar a zona de traballo ao longo de máis de medio século, observando a evolución dos distintos xacementos e podendo coñecer o espazo antes das grandes transformacións urbanísticas e agrarias que teñen afectado ao concello de Oleiros nas últimas décadas.

O traballo de prospección arqueolóxica permitiu a localización e delimitación dos xacementos no campo. Este rexistro foi feito mediante a realización de dúas actividades básicas e complementarias entre si: a localización de referencias e a enquisa etnográfica.

Non se levou a cabo unha prospección sistemática de todo o territorio municipal, senón que tan só se percorreron aquelas zonas nas que se tiña unha información previa sobre a existencia de puntos de interese arqueolóxico, así como aqueles outros sectores nos que, a través da información obtida por medio da enquisa etnográfica e a revisión cartográfica (tanto estudio topográfico como toponímico), había posibilidade de atopar novos puntos de interese arqueolóxico.

Logo do rexistro deses xacementos realizouse, en cada caso concreto, unha análise exhaustiva do contorno dos mesmos co fin de avaliar e definir cun criterio rigoroso as áreas correspondentes de protección patrimonial.

A abundante vexetación existente na zona, froito do estado de abandono no que se atopan os montes como consecuencia dos cambios producidos no sector primario, e particularmente nun concello en tan acelerado proceso de urbanización, fixo imposible levar a cabo unha diagnose do estado de conservación dalgúns xacementos (valga a



FIGURA 4. GA15058002. Castro de Punta Torrella (Sta.Mª de Dexo) Esquerda: (Foto aérea Concello Oleiros). Dereita: Delimitación sobre a foto do vó americano dos anos 50 (Folla 2b, Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña).

modo de exemplo o caso do *Castro de Punta Torrella*-GA15058002. Nestes casos foi de gran axuda a información obtida a través da fotografía aérea, que fixo posible remediar, aínda que só parcialmente, a imposibilidade da correcta prospección sobre o terreo. Esta circunstancia fai que non se estableza unha descrición exhaustiva de certas estruturas que conforman algún dos xacementos catalogados, así como o seu estado de conservación.

A enquisa etnográfica non supuxo unha axuda moi relevante durante o traballo de campo. Hai que salientar as dificultades atopadas para levar a cabo este labor dadas as características da poboación do concello, maioritariamente foránea, integrada por habitantes desvinculados da realidade socio-cultural do territorio.

4. INVENTARIO DOS CASTROS DO CONCELLO DE OLEIROS

CASTRO DE PUNTA ROZA (Figura 3)

GA15058001

Coordenadas UTM-X: 555.356

Coordenadas UTM-Y: 4.805.842

Altitude: 33 m.s.n.m.

Lugar: Punta Roza.

Parroquia: Santa María de Dexo⁸.

Emprazamento topográfico: Punta rochosa e acantilada que forma unha pequena península.

Descrición: Recinto fortificado adaptado á topografía do seu emprazamento: unha península apuntada, de forma triangular. Ese recinto posúe unhas medidas máximas aproximadas duns 150 metros en sentido norte-sur e uns 100 m no eixe leste-oeste. En canto a estrutura defensiva do xacemento, existe un primeiro parapeto situado

⁸ Entre paréntese sinálase a parroquia á que pertence o xacemento. Dado que tódolos puntos pertencen a Oleiros, óbvíase indicar o termo municipal.



FIGURA 5. GA15058003. Castro de Subiña/ Vixía de Subiña/ Atalaia de Subiña Esquerda: (Foto aérea Concello Oleiros). Dereita: Vista dende a croa do castro cara a Mera

aproximadamente na mesma liña do istmo; logo deste, cara á terra, desenvólvese un recinto de planta «pseudo redonda» defendido polo sur por outros tres parapetos sucesivos (dunha altura considerable) que se combinan con dous foxos intercalados entre eles (todos eles cunha forma semicircular). Segundo descrições anteriores, no extremo sur existe unha estrutura achaiada (agora cuberta de vexetación) que, a modo de bastión, defendería o acceso ó castro.

Bibliografía: Naveiro e López (1982 inédito): lám. II.

CASTRO DE PUNTA TORRELLA. (Figura 4)

GA15058002

Coordenadas UTM-X: 556.237

Coordenadas UTM-Y: 4.805.966

Altitude: 50 m.s.n.m.

Lugar: Punta Torrella.

Parroquia: Santa María de Dexo.

Emprazamento topográfico: Costeiro (no ámbito dunha punta rochosa e acantilada).

Descrición: Trátase dun recinto fortificado situado na costa, a uns 80 m ao SW do extremo norte dunha pequena península (Punta Torrella). O xacemento está formado por un único recinto de planta oval, duns 125 metros (eixe norleste-suroeste) por uns 60 m (sentido noroeste-surleste), defendido por unha sucesión de parapeto e foxo que acadan unha altura de ata 4 metros na parte oeste e tan só 2,5 na parte meridional. A defensa polo sector noroeste redúcese á propia do emprazamento: cantil costeiro. Semella que cara ao norte-norleste puidera existir outro parapeto que enlaza co recinto principal, abríndose en dirección á costa. Parece ser que o acceso realizárase dende o sector sur-suroeste a través dunha rampla encaixada entre dous taludes de terra. Carré (1980b: 766) indica que «...en la Torrella, donde comienza la divisoria de aguas al Mero y Mendo y Mandeo, hay restos de una antiquísima torre, que enfila con la de Hércules en la Coruña. El aparejo parece ser contemporáneo de los primitivos en esta clase de edificaciones...».

Bibliografía: Carré (1980b): 766, 777; Naveiro e López (1982 inédito): lám. I

CASTRO DE SUBIÑA/ VIXÍA DE SUBIÑA/ ATALAIA DE SUBIÑA (Figura 5)

GA15058003

Coordenadas UTM-X: 553.984

Coordenadas UTM-Y: 4.804.860

Altitude: 95 m.s.n.m.

Lugar: Subiña.

Parroquia: San Xiao de Serantes.

Emprazamento topográfico: Cume dun pequeno outeiro.

Descrición: Trátase dun asentamento que foi fortificado a través de dúas estruturas circulares concéntricas e que posúe uns 140 metros de diámetro. O recinto principal, duns 75 m de diámetro norte-sur e 65 m no eixe leste-oeste, está defendido na súa metade norte por un terraplén que acada os 3 m de altura cara o exterior; sobre o que aparece un parapeto de 1,5 m de altura que descende cara o sur onde acaba por desaparecer. O segundo recinto, concéntrico respecto do anterior, atópase defendido por un terraplén duns 2,5 m de altura. O acceso a ambos recintos realízase pola parte meridional, zona que semella ser a entrada orixinaria (se ben Naveiro defende a existencia dun acceso ao recinto exterior polo norte). Finalmente hai que indicar que pola zona sur-surleste as obras de construción de varias vivendas unifamiliares teñen afectado parcialmente ao terraplén do recinto ou plataforma exterior.

Bibliografía: Castillo, 1908: 25; Castillo, 1972: 163-4; Carré, 1980b: 767, 773, 1980: 300; Naveiro e López (1982 inédito: lám. III).

CASTRO DE MORRO CANIDE / CASTRILLÓN (Figura 6)

GA15058008

Coordenadas UTM-X: 553.475

Coordenadas UTM-Y: 4.802.428

Altitude: 30 m.s.n.m.

Lugar: Morro de Santa María de Canide.

Parroquia: San Cosme de Maianca/San Martiño de Dorneda.

Emprazamento topográfico: Península que cerra polo sur a Enseada de Mera.

Descrición: Dadas as modificacións realizadas na zona para a construción dunha urbanización, hoxe non se conservan estruturas visibles do asentamento castrexo. Naveiro sostén a existencia dun xacemento da Idade do Ferro polo achado de varios fragmentos de cerámica castrexa e común romana (depositados actualmente no Museo Arqueolóxico de A Coruña) que foron recollidos durante as obras de construción da urbanización. Constatouse a presenza de restos materiais (sobre todo tégula), no corte dos perfís do cantil anexo á praia Portelo-Canide (Maianca), pola súa parte norleste e en menor medida no contorno inmediato. Aparecen tamén dúas estruturas murarias visibles no mesmo sector do cantil. Estes restos foron catalogados como un xacemento diferente, Xacemento romano de Portelo-Canide (GA15058016)

Bibliografía: Rey, 1984: 97; Carré, 1980: 300.

O CASTRO/CASTRO DE XAZ/CASTRO DE ABELEIRAS/OS REDONDOS (Figura 7)

GA15058009

Coordenadas UTM-X: 554.825

Coordenadas UTM-Y: 4.800.440



FIGURA 6. GA15058008. Castro de Morro Canide ou Castrillón. Esquerda: (Foto aérea Concello de Oleiros, follas 3-8 y 3-11) Dereita: Vista do vó americano dos anos 50 (Follas 6d e 6e, Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña).

Altitude: 160 m.s.n.m.

Lugar: Abeleiras-Xaz.

Parroquia: San Martiño de Dorneda/Santa Eulalia de Liáns.

Emprazamento topográfico: Dorsal (ladeira de suave pendente).

Descrición: Recinto fortificado de forma ovalada (uns 150 metros de diámetro norte-sur e uns 100 m de diámetro leste-oeste) defendido por un complexo sistema de taludes e foxos concéntricos, situados sobre todo na parte sur e oeste.

Pola parte sur presenta unha sucesión de tres parapetos e dous foxos intercalados entre eles, detectándose neste sector unha interrupción na continuidade do recinto que, tal vez, poida interpretarse como un acceso ao interior do mesmo. Na parte oeste existen, alomenos, tres parapetos e dous foxos intercalados, mentres que polo norte e o leste un conxunto de novas construcións foi a causa da destrución do parapeto exterior e o foxo, quedando as defensas do sector reducidas ao parapeto exterior.

Bibliografía: Carré, 1980b: 768, 1980: 300; Naveiro e López (1982 inédito); Rey, 1984: 98. Luengo: 24.

O CASTELO/ CASTRO DE EDREIRA (Figura 8)

GA15058010

Coordenadas UTM-X: 556.630

Coordenadas UTM-Y: 4.800.440

Altitude: 160 m.s.n.m.

Lugar: Edreira.

Parroquia: Santa María de Oleiros.

Emprazamento topográfico: Ladeira dun monte.

Descrición: Recinto fortificado de configuración circular cun diámetro de 150 metros. Debeu estar rodeado na súa totalidade por un talude que hoxe interrómpeuse no oeste e surleste debido ás remocións do terreo que afectaron ao xacemento. Apréciase unha terraza ao oeste defendida unicamente por un terraplén a través do cal pódese acceder ata o recinto principal. Ao norte, fóra do castro pero nas súas inmediacións, están instalados



FIGURA 7. GA15058009. O Castro/Castro De Xaz/Castro De Abeleiras/Os Redondos. Esquerda: (Foto aérea Concello Oleiros, folia 3-14). Dereita: Delimitación sobre a foto do vó americano dos anos 50 (Follas 17c-17d, Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña).



FIGURA 8. GA15058010. O Castelo/ Castro de Edreira. Esquerda: (Foto aérea Concello Oleiros, follas 3-19 y 3-23). Dereita: Delimitación sobre a foto do vó americano dos anos 50 (Folla 19b, Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña).

dous grandes depósitos de auga e dúas antenas; existe un terceiro depósito no extremo leste da mesma croa, causa da destrución do recinto neste sector. Na parte surlleste, o camiño que rodea o recinto principal ten afectado ao parapeto exterior. No momento de realizar a prospección a parte leste do recinto ía ser afectada pola construción dunha autovía (Vía Ártabra).

O CASTRO / CASTRO DE SANTA CRISTINA / CASTRO DE PERILLO (Figura 9) GA15058011

Coordenadas UTM-X: 550.950

Coordenadas UTM-Y: 4.799.380



FIGURA 9. GA1505801. O Castro / Castro de Santa Cristina / Castro de Perillo. (Foto aérea Concello Oleiros, follas 3-16).

Lugar: Santa Cristina. Fianteira.

Parroquia: Santa Leocadia de Perillo.

Emprazamento topográfico: Istmo e promontorio rochoso (pequena illa).

Descrición: Situado nun pequeno promontorio rochoso (hoxe unha pequena illa) que se mete no mar despois da praia de Santa Cristina, cara ao norte. Na parte superior do citado promontorio existe unha elevación (non máis de 3 metros de ancho e uns 60-80 cm de altura), que se desenvolve en sentido circular con dirección norleste-suroeste, que pode ser o resto dun parapeto defensivo do castro. Monteagudo recolleu fragmentos de cerámica *de tipo castrexo*.

Bibliografía: Carré, 1980b: 749; Rey, 1984: 98; Naveiro e López (1982 inédito)

O CASTRO / CASTRO DE MONTROVE (Figura 10)

GA15058012

Coordenadas UTM-X: 552.380

Coordenadas UTM-Y: 4.797.400

Altitude: 95 m.s.n.m.

Lugar: Montrove.

Parroquia: Santa Eulalia de Liáns.

Emprazamento topográfico: Dorsal (rechán en ladeira).

Descrición: A área delimitada atópase actualmente comprendida na poboación de Montrove, nunha zona coñecida polos veciños do lugar como *O Castro*, a media ladeira



FIGURA 10. GA15058012. O Castro / Castro de Montrove. Esquerda: (Foto aérea Concello Oleiros, follas 3-21 y 3-25). Dereita: Delimitación sobre a foto do vó americano dos anos 50 (Folla 28b, Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña).

dominando a Ría de O Burgo. A zona está moi alterada por cultivos. Na fotografía aérea, tan só se observa unha pequena plataforma de forma circular que puidera ser orixinaria do castro. Segundo Naveiro e López (1982 inédito), atopáronse gran número de coios e abundantes anacos de tégula romana⁹

Bibliografía: Carré, 1980b: 749; Rey, 1984: 98.

ALTO DAS GOBERNAS/CASTRO DE NÓS/MONTE DO CASTRO/CASTRO DE SARRO/CASTRO IÑÁS (Figura 11)

GA15058013

Coordenadas UTM-X: 554.640

Coordenadas UTM-Y: 4.796.230

Altitude: 165 m.s.n.m.

Lugar: Sarro.

Parroquia: San Pedro de Nós.

Emprazamento topográfico: Cume dun monte.

Descrición: Recinto fortificado de planta elíptica (diámetro leste-oeste 160 metros e norte-sur 80 m), case rectangular. As defensas están formadas por un talude na parte norte combinado cun terraplén no exterior con case 4 m de altura. Este terraplén cara ao

⁹ No Museo Arquelóxico e Histórico Castelo de San Antón de A Coruña, figuran como depósito de Luis Montegaud os seguintes materiais procedentes do Castro de Montrove (Oleiros, A Coruña) (número de rexistro xeral 3972 e subnúmeros 106 a 110):

3972-110 (LM-105) Fragmento pequeno de cerámica gris moi delgada.

3972-109 (LM-104) Fragmento pequeno de cerámica parda, exterior negro.

3972-108 (LM-103) Fragmento pequeno de cerámica parda.

3972-107 (LM-102) Fragmento tégula ou ladrillo indiferenciado. Cunha anotación a man de Luis Montegaud: «Detrás tienda ultramarinos de la izq. Subiendo al O. De Pazo de Río».

3972-106 (LM-101) Fragmento de tégula con pestana. Cunha anotación a man de Luis Montegaud: «100 m. SE. Casa blanca 2 plantas escalera exterior».

exterior ten unha vertente case vertical, mentres que o talude interior é de suave pendente. Na zona oeste combínase un foxo e un parapeto, orixinando un desnivel que en puntos chega a acadar os 8 m de altura. O lado meridional está defendido pola caída natural do terreo, cerrándose tan só cun terraplén.

Na parte noroeste, zona de acceso ao recinto, existen unhas estruturas indeterminadas (alteradas por antigas remocións de terras) que semellan ser un sistema defensivo para dificultar (e polo tanto protexer) a entrada ao interior do asentamento.

Según Naveiro e López recolléronse en superficie varios anacos de cerámica de tipoloxía castrexa.

Bibliografía: Carré, 1980: 15; 1980b: 749; Rey, 1984: 98; Naveiro e López (1982 inédito): lám VII.



FIGURA 11. GA15058013. Alto das Gobernas / Castro de Nós / Monte do Castro / Castro de Sarro / Castro de Iñás. (Foto aérea Concello Oleiros, folia 3-29).

O CASTRO / CASTRO DE XOEZ / CASTRO DE AS GROBAS (Figura 12)

GA15058014

Coordenadas UTM-X: 553.600

Coordenadas UTM-Y: 4.804.165

Altitude: 50 m.s.n.m.

Lugar: Xoez.

Parroquia: San Xiao de Serantes.

Emprazamento topográfico: Ladeira.

Descrición: Grupo de vivendas situadas sobre un área que conserva o topónimo de castro. Aínda que sobre o lugar non se observa ningún vestixio claro do mesmo, existe unha configuración circular da zona delimitada por un camiño antigo que puidera ser o que queda dun antigo foxo. Esa configuración circular delimitada polo camiño está moi cerca do lugar indicado como Rúa do Castro de As Grobas, pero non exactamente nese lugar.

Bibliografía: Rey, 1984: 97; Naveiro e López (1982 inédito): lám. IV

CASTRO DE MONTE SIÑO

REF15058001

Lugar: Monte Siño.

Parroquia: Santa Eulalia de Liáns.

Referencia: A información existente indica que foi destruído pola construción dunha urbanización residencial (sen concretar de cal se trata).

Bibliografía: Naveiro e López (1982 inédito)

CASTRO DAS GOBERNAS /
CASTRO DE LORBE

REF15058003

Coordenadas UTM-X: 555.996

Coordenadas UTM-Y: 4.804.408

Altitude: 86 m.s.n.m.

Lugar: Lorbé.

Parroquia: Santa M^a de Dexo.

Emprazamento topográfico: Cumio dun outeiro.

Descrición: Pola topografía do terreo e a información dos veciños do lugar, trataríase dun asentamento dun único recinto de forma oval, duns 80 metros de diámetro en sentido norte-sur. Actualmente destruído polas obras da urbanización residencial «As Gobernas».

Bibliografía: Rey, 1984: 97.

O CASTRO

TOP15058003

Coordenadas UTM-X: 556.017

Coordenadas UTM-Y: 4.804.171

Altitude: 67 m.s.n.m.

Lugar: Aba.

Parroquia: Santa María de Dexo.

Emprazamento topográfico: Ladeira orientada ao sur.

Topónimo: A prospección no campo e a enquisa etnográfica realizada entre os veciños do lugar non aportaron ningún dato que leve a confirmar a existencia de posibles restos castrexos. Tan só se conserva o topónimo e algunha lenda.

RÚA DO CASTRO DE IÑÁS

TOP15058004

Coordenadas UTM-X: 556.320

Coordenadas UTM-Y: 4.796.340

Altitude: 90 m.s.n.m.

Lugar: Lorbé.

Parroquia: San Xurxo de Iñás.

Emprazamento topográfico: Pequeno outeiro.

Topónimo: O topónimo fai referencia a un camiño estreito que baixa dende o alto no que se atopa o lugar de Caño cortando unha zona lixeiramente aterrada, pero non se aprecia ningún elemento ou resto arqueolóxico. A enquisa etnográfica entre os veciños da zona tampouco aporta información salientable.



FIGURA 12. GA15058014. O Castro / Castro de Xoez / Castro de As Grobas. (Foto aérea Concello Oleiros, folia 3-5). En punteado pequeno ubicación dos restos do castro segundo Ferrer e Vázquez, en punteado largo, posible ubicación dos restos segundo Naveiro.

CASTROMÉN

TOP15058005

Coordenadas UTM-X: 555.207

Coordenadas UTM-Y: 4.805.324

Altitude: 70 m.s.n.m.

Lugar: Aldea –Dexo.

Parroquia: Santa María de Dexo.

Topónimo: A prospección da zona e a enquisa etnográfica realizada entre a poboación de maior idade do lugar, así como a consulta de fotografía aérea actual e antiga non revelou ningún indicio que leve a supoñer a existencia dun asentamento da Idade do Ferro na zona estudada. Podería tratarse dun topónimo resultado da translación do nome do próximo Castro de Punta Roza. Neste sentido hai que salientar a existencia de dous topónimos asociados: Castromén da Ribeira, zona máis próxima á costa (e ao Castro de Punta Roza) e Castromén da Ermida, situado preto das casas de Dexo, xunto a Igrexa parroquial.

Bibliografía: Rey, 1984: 97.

OS REDONDOS / AGRADOS CASTROS / CASTRO DE BREIXO / ACROA

TOP15058006

Coordenadas UTM-X: 554.201

Coordenadas UTM-Y: 4.801.814

Altitude: 107 m.s.n.m.

Lugar: Breixo.

Parroquia: San Martiño de Dorneda.

Emprazamento topográfico: Alto dun monte.

Topónimo: Pese a existir na zona numerosas referencias toponímicas asociadas a un mesmo espacio físico relacionado cun posible xacemento arqueolóxico (*castro*, como topónimo da ladeira do posible asentamento; *croa*, nome dun camiño que conduce ao cume do monte), logo da prospección da zona, a enquisa etnográfica levada a cabo entre os veciños do lugar e a consulta de fotografía aérea (antiga e moderna) non se atoparon evidencias físicas da existencia dun asentamento da Idade do Ferro.

Bibliografía: Rey, 1984: 98.

CASTELO

TOP15058007

Coordenadas UTM-X: 555.680

Coordenadas UTM-Y: 4.799.680

Altitude: 80 m.s.n.m.

Lugar: Castelo.

Parroquia: Santa María de Oleiros.

Topónimo: A prospección da zona e a enquisa etnográfica realizada entre os veciños do lugar non relevou a existencia de ningunha estrutura material que puidera asociarse ao topónimo *castelo*. Semella que o topónimo está relacionado cun edificio con pretensións de pazo, aparentemente de fins do século XIX ou primeiros anos do século XX, que se atopa non moi lonxe do lugar.

Bibliografía: Rey, 1984: 98.




FIGURA 13. Nome de identificación e situación dos castros, referencias e topónimos.

5. ANÁLISE DO CONXUNTO DO CATÁLOGO

Coa catalogación, a incorporación de catro novos elementos e a baixa dun dos xacementos antes catalogados, o número total de *Fichas de Inventario de Elementos Arqueolóxicos* do Concello de Oleiros elévase ata vintecatro¹⁰.

Como resultado da prospección realizada, tres dos elementos arqueolóxicos previamente catalogados foron variados na súa adscripción dentro do Inventario, pasando de integrar a relación de xacementos (GA) á de REferencias e TOPónimos: REF15058003 (antigo GA15058006) Castro de As Gobernas, TOP15058005 (antigo GA15058005) Castromén, TOP15058006 (antigo GA15058015) Castro de Breixo. Con respecto aos castros catalogados, o número total que quedan dentro da relación de xacementos (GA) é de dez.

Os castros de Oleiros están recollidos no traballo feito por Parcero (2002) e tamén en relación cos estudos feitos para a recuperación do Castro de Elviña (Criado e González coord., 2003: 26, 27, e Fig. 16). Sinala que a zona do Golfo Ártabro ten unha das maiores densidades de castros de toda Galicia, alcanzando case un castro cada 10 km², aínda que non todos estiveron habitados de forma simultánea. Parcero (2002 e Fig. 42) fai un análise do patrón de situación de corentaenove castros en torno ao Castro de Elviña e establece unha clasificación en función da súa vinculación con determinados tipos de terreos e das súas posicións no espazo: un primeiro grupo constituído por un conxunto reducido de castros situados en puntos prominentes, que sacrifican a súa relación de proximidade ás áreas aptas para unha agricultura extensiva en beneficio de posicións dominantes e destacadas (como Montrove) onde inclúe castros situados xunto á costa (como o de Punta Roza); un conxunto extenso de xacementos situados no extremo oposto pois a súa

¹⁰ Incluindo nesta cifra as xa existentes antes do traballo para o P.X.O.M.

localización semella estar guiada, en boa medida, pola súa proximidade a solos aptos para un traballo de tipo intensivo e continuado (Abeleiras, Canide, Serantes ...); e finalmente un terceiro grupo a cabalo entre a proximidade a un determinado tipo de terreos e a localización en posicións dominantes, entre eles o de Vixía de Subiña. Fai unha lectura destes patróns, considerando que os castros que integran a primeiro e o segundo grupo responden a dúas estratexias de aproveitamento do medio, desenvolvidas, respectivamente, na *Primeira* (ca. ss. VIII-V a.C.) e *Segunda Idade do Ferro* (cc. ss. IV a.C.- II d.C.). Para o Ferro II e época indíxena-romana se propón a existencia de entidades de organización socio-política supralocal.

Oleiros está dentro do considerado territorio dos Ártabros, que para a meirande parte dos autores abranguería dende o Cabo Fisterra ou Touriñán ata o Ortegal¹¹. Non imos incidir neste tema, porque os límites e a xeografía do territorio Ártabro teñen sido recentemente estudados en profundidade (González, 2003). Tanto este traballo, como outros previos (Naveiro, 1991, 1994), inciden na importancia do comercio entre o territorio Ártabro e o Mediterráneo, testemuñada mediante materiais arqueolóxicos dende datas antigas, gañando importancia a navegación de altura e os contactos atlánticos, como demostraría o desenvolvemento do porto de Brigantium (A Coruña) dende fins do século Iº d.C, coa construción do faro (actual Torre de Hércules) e a situación nel dunha *statio de portorium*. González (2003) ten proposto por toda unha serie de indicios, a posibilidade de que na zona na que actualmente se alza a Torre de Hércules existira na antigüidade un santuario que quizais actuara como punto central de toda a rexión ártabra e á sombra do cal se puido desenvolver o punto ou porto de comercio do Golfo dos Ártabros. En todo caso o Golfo Ártabro ofrece un exemplo de continuidade ocupacional dende a Idade do Ferro ata a época baixoimperial romana. Algúns dos castros de Oleiros, como o de Vixía Subiña, Punta Roza ou Torrella, semellan ter emprazamentos privilexiados fronte a este espacio de intensa actividade marítima e comercial.

6. O PATRIMONIO INMATERIAL: A MEMORIA DOS MOUROS

Na bibliografía consultada, non atopamos moitas referencias ao folclore dos xacementos de Oleiros. Para o Castro de Punta Torrella, Romero (1980: 72) recolle que «*tiña folklore de «mouros, covas, tesouros i encantamentos»*». Moito máis prolífico é o veciño concello de Sada onde Luengo (1950) recolle diversas lendas relativas ao Castro de Meirás¹² e outras

¹¹ Para un estudio do poboamento castrexo na comarca de Ortegal pode consultarse o traballo de Fábrega (2004). Para unha crítica da modelización proposta por Parcero e Fábrega, pode consultarse o de Rivero (2005).

¹² «...aseguran los campesinos que en un punto determinado de la acrópolis del castro, cuando se golpea el suelo, suena como si estuviera hueca por debajo...Bajo el castro se oye música...» (p. 63), «...En los castros hay enterrado un tesoro tapado por una piedra muy grande, que tiene en medio una anilla de hierro. Aseguran haberla visto pero no la pudieron levantar. Hay discrepancias sobre el sitio en que dicen se hallaba, pues mientras unos aseguran que estaba hacia el centro de la acrópolis, o más bien hacia el lado del mediodía, otros afirman se encontraba en la parte baja de la muralla de la acrópolis, en dirección a la Torre de Hércules, de La Coruña, que se ve desde aquel sitio, y disimulada bajo un castaño bravío...» (p. 78), «...La persona a la que le sorprenda la noche en él, verá una «pola de ouro cos seus pitos», pero si intenta corgerlos, desaparecerán en el interior del castro...» (p. 95), «...Castro de Meirás (La Coruña).- En el hueco de una peña, que había orientada hacia el sur –ahora tapado- está encerrada una princesa encantada que en las noches de luna, sale fuera y se pone a cantar unas tonadas «muy lindas»; pero si alguno intenta acercársele, se oculta presurosa, no volviendo a reaparecer más...» (González 1971: 59)

lendas figuran nos relatos de Lugrís Freire¹³.

Con motivo da realización deste traballo, recolleemos varias lendas contadas a nenos alumnos do Instituto de Perillo¹⁴.

- Lenda da Cova das Pombas (Perillo)

«...Esta lenda está situada en Perillo, nunha cova que hoxe aínda esta ben e que se pode ver. A lenda di que vivían unha manada de pombas salvaxes nesta cova, e que por este tempo abundaban os gaviáns. Dise que un día un gavián espantou a unha pomba. Ésta co medo meteuse na cova e a recorreu ata que chegou ó final. A pomba saiu por un pozo que se atopa no patio da torre de Puga (torre que se atopa moi preto da casa de cultura). Dícese que esta cova está debaixo de todo Perillo.

Nunha roca que hay nesta cova está inscrita a palabra «wawoxa», tamén noutra roca hai unha data que debido a auga non se distingue ben, so se poden observar dous números: o un e o oito....» (Contada polos abós dun neno).

- Cova de Mera e o neno de Ouro (Mera)

«...Existe na praia de Mera (praia de Xunqueira ou Espiñeiro) unha entrada no medio dunhas rochas que se ve coa marea baixa. Esta foise cerrando polas pedras que arrastraba o mar. Dise que fai moitos anos, cando os moros viñeron a Galicia, pasaban por ela ate chegar ó outro extremo da cova, que remataba debaixo do Faro pequeno. Ás entradas da cova so se podía acceder polo mar ou por terra, coa marea baixa. A entrada que está baixo o Faro pequeno tamén está cerrada con grandes pedras que deposita o mar. Os mouros, os únicos que sabáin dela, escondíanse alí, e pasaban todo-los seus tesouros, dun lado a outro, para despois embarcalos. Desde o mar pódense ver pequenas entradas, das que todo o mundo di, que posiblemente den á cova. Hoxe en día só se pode acceder á cova un par de metros, xa que está taponada por enormes pedras. Unha das entradas que se divisan desde o mar, debaixo do Xunqueiro, é accesible en barcas de goma, pero non se sabe a donde dá, pero dende a entrada pódese ver que despois duns metros de auga, hai unha curva dirixida hacia unha das entradas principais da cova, na que o mar segue coma se houbese mais camiño, e a cova non rematase, xa que este non volve para atrás. Tamén se di que os mouros, cando se marcharon, deixaron grandes tesouros enterrados. Un destes enterráronno en Aba, que según a xente, é un neno de ouro..» (Soledad Fernández Barreiro. Contada polo seu abó)

- O Neno de Ouro. (Torrolla. Entre Dexo e Lorbé)

«...Unha señora do meu pobo contoume que nun lugar da miña parroquia chamado a Torrolla, os mouros, durante a guerra, enterraran, cerquiña do mar, un neno de ouro...» (Sonia Lugrís Mirón. Informante unha señora de 80 anos do meu pobo).

¹³ "...Máis, preto de Sada, á man esquerda segundo se entra pola estrada de a Cruña, hai un monte nomeado Lixandre, que sempre deu que pensar a nenos e vellos. Non se ten noticia de que se atrevera ninguén a entrar de noite naquela arboreda. No medio do monte hai aínda un croio que non poden abrazalo dous homes, e que lle chaman a Pedra das Agullas. Decían noutros tempos que quen tocara a esta pedra morrería dentro dos nove días xustos, debido a un encantamento que lle deran os mouros. Pola banda do leste está a moi nomeada Quenlle, que os homes sabidos dín que foi unha mina de estaño no tempo dos fenicios, pero que agora é o sitio onde se xuntan de noite as estadeas, meigas e lugrumentes pra faceren parlamento. Polo menos así coidaban fai anos os viciños da vila, e non sei se pensarán o mesmo agora..." (Do relato *O escarmento*).

¹⁴ Agradecemos a Carmen García Rodeja a cesión deste material para a súa publicación neste traballo. Son lendas recollidas por alumnos do Instituto de Perillo no curso 1996-97. Transcribimos literalmente os seus textos.

- O Neno de Ouro. (A Torrolla. Entre Dexo e Lorbé)

«...os mouros –durante a guerra–enterraron un neno de ouro...»

- Castromén da Riba (A Torrella)

«... Víase o cañón e tiveron que tiralo á auga...»

- A Roca do Tesouro (Dexo)

«...Según relatos dos máis vellos de Dexo, existe unha cova na costa deste pobo na que probablemente exista un tesouro. Todo comenza cando unha noite, un barco que pasaba pola costa de Dexo estaba a punto de naufragar cando nunha parte de entre as rocas da costa uha imaxe de muller guiounos e conseguiron salvarse. E este non foi o único caso. Según algúns era a imaxe da Virxe, e según outros unha moura que garda un tesouro. Tamén é curioso que non se pode chegar á cova onde se viu a imaxe pois a corrente é moi forte e un barco non podería pasar por ser moi estreito. É así que non se puido confirmar o feito de que houbese ou non alí un tesouro...» (Lidia Mª Fraga. Contada pola súa nai)

- O feitizo do Coto do Castro (Torrella)

«...Contan a lenda, de que neste castro había unha cova onde estaban encantadas algunhas mulleres. Unha vez, un mozo dese lugar camiñaba perto da cova, cando viu na porta unha doncela fermosísima. Diante dela tiña unha tenda con cousas para vender. El achegouse a mirar a moza rogoulle que lle mercara o que mais lle gustara. O mozo dixo que o que mais lle gustaba era ela. A muller díxille que ela non podía ser para el porque estaba encantada, que se convertía nunha gran cobra e cunha boca grande e que trataría de xantalo. Tamén lle dixo que tivera coidado que se ía votar hacia él. So tiña que collerlle a punta do rabo e darlle un bico. Soamente desa maneira desencantariase e podería casar con él. De súpeto a fermosa muller converteuse nunha horrible cobra. O mozo deu un brinco, colleu o rabo e bicouno. Ó darlle o bico, a cobra desapareceu e tiña diante del a fermosa moza da cova xa desencantada. Colleron tesouros da cova, casáronse e viviron felices...» (Sabela Ferreiro. Informante seu pai de 48 anos. 1996-97)

- Rocha con tesouros (Lorbé)

«...A lenda que vou contar foime relatada por un dos mariñeiros máis vellos do porto de Lorbé. O relato é o seguinte. Fai moitos, moitísimos anos que me contaron esta lenda. ¿Ves aquela rocha? (Sinala unha gran rocha cerca do porto) Pois aquela rocha, aínda que a ti non cho pareza, e oca por dentro. Me abó contoume que nesa rocha agochaban os mouros os seus tesouros e que nadia sabía deles. Á rocha so se pode entrar cando as mareas son moi grandes. O tamaño para entrar é moi reducido. Pois ben, certo día os tesouros faltaron. Os árabes¹⁵ botáronlle a culpa ós indíxenas e organizouse unha gran loita. Non houbo vencedores nin vencidos, e dos tesouros non se supo nada mais...» (Guillermo Suárez Fraga)

- Caverna subterránea (Rúa do Castro. Montrove)

«...Rúa do Castro (en Montrove, Oleiros, A Coruña). É onde vivo neste momento. Non é máis ca un camiño con casas ás beiras, pero existe un bosque cerca. Non hai referencias de que houbese antes alí un castro. Quizás oculto na vexetación do bosque...Dentro dun ano van facer unha estrada que atravesa o bosque. Igual aparece algo coas escavacións....

¹⁵ Mestura entre árabes históricos e mouros mitolóxicos. Recolle Carré (1980b: 771) unha lenda de Mera «...cuenta la fantasía popular, y circula entre los habitantes de esta comarca, que en una incursión del caudillo agareno Almanzor, éste, al llegar a Mera, introdujo su yégua blanca en el mar, como señal de haber dominado toda la tierra...»

Caverna subterránea: Esta historia escoiteina na Rúa do Castro. Dise que no bosque próximo á rúa existe unha habitación subterránea. Durante a Guerra Civil, uns soldados que fuxían dos enemigos refuxiáronse alí, pero non deron salido logo, e morreron. Uns anos despois, uns rapaces dixeron haber caído accidentalmente na cova. Atoparon entón os esqueletos dos soldados mortos. Deron fuxido, pero ó volver non atoparon o sitio...»

- Aguxeiro no mar (Perillo)

«...Preto da Illa de Santa Cristina, cando a marea está alta, e os marisqueiros saen pola noite nos seus barcos pescar, abrese un aguxeiro na costa, que parte ó interior de Perillo en dous, e que remata debaixo da igrexa (de Santa Leocadia), na cal hai supostamente un tesouro, que costa moito sacalo da gruta, na que todo o que entrara nunca sairá...» (Alejandro Bregua Cousillas. Contada polo sei pai de 48 anos en 1996).

Por último, nun volume editado polo IES Miraflores de Oleiros (2004) con relatos escritos polo alumnado do centro, se recolle o de «*O misterio do Outeiro*», no que un grupo de adolescentes descobre que un estraño veciño é autor do roubo dun xacemento arqueolóxico da zona.

7. A conservación do patrimonio arqueolóxico de Oleiros.

Hai vintecinco anos, Romero (1980), nun traballo sobre os castros costeiros no norte de Galicia, xa chamaba a atención sobre a necesidade de dar a coñecer os xacementos debido ao imparable proceso de destrución dos mesmos. Apuntaba algunhas das razóns desta destrución (as obras de servizo público ou privadas, as labouras agrícolas, e sobre todo a posición estratéxica destes promontorios), chamando a atención sobre a acción do turismo. Esta destrución tiña un efecto non só sobre os restos materiais, senón na propia memoria histórica e o folclore relativo aos xacementos (perda de lendas, de topónimos, etc.). Anos despois, Rey (1984: 59) incide na mesma problemática, apuntando a necesidade de realizar unha catalogación oficial ¹⁶.

Segundo os resultados do último censo, a poboación total de Oleiros é lixeiramente superior aos 27.200 habitantes, aínda que os datos por parroquias do *Instituto Nacional de Estadística (INE)* deste mesmo ano 2005 elevan esa cifra ata 29.671 habitantes. Calquera das cantidades citadas supoñen unha densidade de poboación moi forte de entre 632 e 690 hab./km².

Hai que ter en conta que a comezos do século XX o concello só rozaba os 7.000 habitantes, cifra que se mantén máis ou menos estable ata comezos da década dos anos oitenta do mesmo século: ata os anos 40 a alta natalidade víase reducida pola emigración cara a América e dende esas datas ata os anos 70 a corrente migratoria cambia cara á capital coruñesa. A partir de aquí é cando se produce o gran «*desenvolvemento*» demográfico do concello propiciado pola chegada dunha grande cantidade de poboación procedente da propia área metropolitana, que converte este territorio municipal no seu lugar de residencia. Esta alta densidade de poboación fai que existan varios núcleos cun número elevado de residentes: Perillo, Santa Cruz, Montrove ou Mera son exemplo dela.

¹⁶ «...»...el problema se hace urgente al ser conscientes del gran número de destrucciones que se están produciendo, cada vez a un ritmo más acelerado, por un desconocimiento, en la mayoría de los casos de que se trata de un yacimiento arqueológico, que merecería una protección estatal. Está claro que una catalogación de castros que se haga llegar a la administración, se deberá tener en cuenta a la hora de una ordenación del territorio...» .

Dende o punto de vista patrimonial, pódese dicir que todo o mencionado ata o momento favoreceu unha elevadísima presión humana sobre o medio físico, feito que, *a priori*, debería quedar como un elemento moi desfavorable de cara á conservación dos vestixios arqueolóxicos. Incluso, este proceso de ocupación do espacio, non está parado nestes momentos xa que á proliferación de urbanizacións hai que engadir o fenómeno das «segundas vivendas» (de xente que ten a súa primeira residencia na cidade de A Coruña) e o turismo (chalés, hoteis, etc. en lugares como Santa Cristina ou Santa Cruz). Este rápido incremento da poboación provocou unha maior presión sobre o medio, o que implica maiores dificultades para a conservación do patrimonio arqueolóxico, do mesmo xeito que a chegada dunha poboación *allea* deu en mudar os usos tradicionais do medio rural por outros netamente urbanos, renunciando ás explotacións agrarias tradicionais, quedando os montes en estado de abandono e producíndose unha perda da *cultura tradicional do mundo rural*. Estes feitos, xerais en todo o termo municipal, son especialmente acusados nos territorios do sur, xunto ao eixo da Estrada Nacional VI, e no contorno dos núcleos litorais de Mera, Santa Cruz e Santa Cristina; o norte do concello, a denominada costa de Dexo, mantívose ata certo punto afastada deste fenómeno a causa da maior distancia que a separa da cidade de A Coruña e ás peores comunicacións, sendo con gran diferenza a zona máis rural do Concello de Oleiros.

En canto ao estado de conservación dos xacementos rexistrados hai que cualificalo como de variable. Algúns dos elementos catalogados atópanse totalmente desaparecidos como consecuencia da presión urbanística: é o caso do Castro de Morro Canide (GA15058008), destruído pola construción dunha urbanización recoñecible (Figura 6); ou o Castro de Xoez (GA15058014) do que case nin se conserva o que podería ser o resto dun parapeto (Figura 12); ou o Castro de Montrove (GA15058012), hoxe tan profundamente alterado que resulta dificilmente recoñecible (Figura 12).

Noutros casos as alteracións, aínda sendo graves, non afectan á integridade total dos xacementos: así o sector norte do Castro de Xaz (GA15058009) está afectado polas edificacións que destruíran parte do parapeto exterior e encheran o foxo no treito correspondente a ese sector (Figura 7); o Castro de Edreira (GA15058010) ve o seu recinto alterado pola apertura dun camiño antigo no sector SE, a instalación de depósitos de auga e, na actualidade, vese ameazado pola apertura da denominada *Vía Ártabra* que está previsto discorra polo seu límite E e S-SE (Figura 8). Hai constancia de destrucións no Castro da Torrella¹⁷. Finalmente, noutros casos, a degradación dos restos arqueolóxicos debeuse á acción dos elementos naturais, como no case desaparecido Castro de Santa Cristina (GA15058011), do que tan só se conserva parte do que puido ser un parapeto (Figura 9).

Así pois, as causas e o tipo de alteracións que afectan aos puntos arqueolóxicos do Concello de Oleiros son as que de xeito habitual se documentan noutras partes de Galicia. Así temos que as que máis dano causan ao patrimonio arqueolóxico son as propias do proceso urbanizador e a apertura de vías de comunicación, sendo moito menos graves as debidas ás actividades agrícolas e gandeiras.

Ao analizar a distribución espacial dos xacementos, topónimos e referencias localizadas, en relación coa xeografía do territorio oleirense, pódese confirmar que a maior densidade de restos arqueolóxicos atópase na parte norte do Concello, a menos urbanizada, fronte á sur onde a presión humana é moito máis intensa, especialmente no eixe marcado pola Estrada N-VI.

¹⁷ «...Foi destruído hai tempo cando se meteu unha pá escavadora de grande potencia. Na destrución apareceu tamén gran cantidade de moedas e barro...». Testemuña oral.

En canto ao folclore (lendas e contos de tradición oral e popular) é de destacar que, durante a prospección, ningún dos entrevistados aportou ningún elemento novo, a pesar de que algúns deles si eran coñecedores dos xacementos arqueolóxicos dos que se buscaba información. Isto leva a confirmar o que, por desgracia, se constata dun xeito moi xeral en toda a xeografía galega: a perda da tradición oral entre os habitantes do medio rural dun modo acelerado, sobre todo entre as persoas de menor idade, o que incluso acaba por repercutir negativamente no rexistro e conservación do Patrimonio Arqueolóxico.

8. O PORVIR

No ano 2003 nace unha revisión do Plano Xeral de Ordenación Municipal de 1997, nun intento de renovar o documento urbanístico, entre outros obxectivos, para *a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos mediambientais do patrimonio cultural* (Concello de Oleiros, 2006). Neste Plano Xeral, «os castros máis significativos, Xaz e Subiña, contan cun planeamento especial que unha vez desenvolto permitirá o seu uso e aproveitamento público como espacio libre e didáctico sobre os habitats castrexos» (Id. Anterior).

Semella que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia ten expresado a súa vontade de apoiar a iniciativa de converter o Castro de Xaz nun área visitable¹⁸.

Pero a pesar das accións institucionais, a conservación dos xacementos só pode ser emprendida coa toma de conciencia cidadana. Unha toma de conciencia que pasa polo necesario coñecemento destes xacementos e a súa valoración.

Si de cotío falamos dos castros no pasado como asentamentos defendidos, neste traballo temos falado da indefensión dos castros na nosa era contemporánea. Esperamos que esta e outras iniciativas permitan falar dun porvir digno para os castros de Oleiros. Só o interese e a contribución de todos defenderá do esquecemento estes bastións do noso pasado, entre os foxos e os parapetos da nosa memoria.

A Coruña, Xuño 2006

BIBLIOGRAFÍA

- ÁLVAREZ VEIRA, E. 2004. *Fichas Inventario de Xacementos Arqueolóxicos*. Concello de Oleiros (A Coruña). Xunta de Galicia.
- ABOAL, R. 2005: *Memoria técnica das sondaxes valorativas no Castro de Serantes (Agorniños, Oleiros). Marzo 2005*. Memoria inédita depositada na Dirección Xeral de Patrimonio.
- BELLO DIÉGUEZ, J.M^o. 1994: *La Coruña antes de Roma*. Colección Biblioteca Coruñesa. Vía Láctea. A Coruña.
- 2004: Elviña 2004. *Boletín da Asociación de Amigos do Arqueolóxico de A Coruña*, nº 7 (Xullo 2004): 5-10.
- CAÑIZO FRAGA, J.A. 2005. *Fichas Inventario de Xacementos Arqueolóxicos*. Concello de Oleiros (A

¹⁸ «...El alcalde oleirense, Ángel García Seoane, destacó que el castro de Xaz, de unos 30.000 metros cuadrados y bien conservado debido a estar en un terreno que no fue modificado, pasará a manos municipales tras una cesión obligatoria por los promotores que actúen en las inmediaciones del futuro campo de golf que se prevé construir. Felipe Arias consideró que «o castro ofrece moitas posibilidades», y destacó que su propuesta es sólo abordar una limpieza, una tala selectiva, respetando los ejemplares singulares, y luego ya se podrían plantear las visitas colocando carteles informativos. «No seu día poderíase facer unha excavación», indicó, aunque defendió que su propuesta pasa por dejar esta zona como un espacio natural, con riqueza arqueológica. «Permitirá coñecer un poboado fortificado castrexo, da época galaico-romana», explicou el director xeral de Patrimonio. Por su parte, García Seoane recordó que cinco de los castros del municipio están bien conservados, aunque otros, entre los que citó el de Canide, Sarro, Montrove y Oleiros, se descuidaron en la década de 1970...» (*La Voz de Galicia*, 24/01/2006)

- Coruña). Xunta de Galicia.
- CASAL QUINTÁNS, S. E CABANAS LÓPEZ, F. 1999: *Historia de Oleiros*. Editorial Támega. A Coruña
- CASTILLO LÓPEZ, A. del 1908. *Los Castros Gallegos*. A Coruña.
- CASTILLO, A. del 1972. *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia*. Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Santiago.
- CARRÉ ALDAO, E. 1980 (1935) (ed. facsímil) Provincia de La Coruña. Tomo I. En (Carreras y Candi Dir.) *Geografía General del Reino de Galicia*. Ed. Gallegas. A Coruña (Tomo IV de la edición facsímil): 298-300
- 1980b (1935): Provincia de La Coruña. Tomo V. En (Carreras y Candi Dir.) *Geografía General del Reino de Galicia*. Ed. Gallegas. A Coruña: 765.
- CONCELLO DE OLEIROS, 1996: *Os froitos duna xestión: urbanismo, patrimonio, mediambiente*. (Dexo. 258-261)
- CONCELLO DE OLEIROS, 2006: Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial (A Coruña). *Inventario Patrimonio Histórico-Artístico por Concellos. Concello de Oleiros (A Coruña)*.
- CRiado BOADO, F. E GONZÁLEZ MÉNDEZ. M. (Coords.) 2003: *Planear o pasado: ideas para a recuperación do Castro de Elviña*. Servicio de Publicacións da Universidade. Santiago de Compostela.
- FERRER CRUZ, J. 2006 (Inédito): *Memoria Técnica dos traballos de delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos do Concello de Oleiros (A Coruña)*. Depositado no Servizo de Arqueoloxía da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.
- FÁBREGA ÁLVAREZ, P. 2004: *Poblamiento y territorio en la cultura castreña en la Comarca de Ortegal*. Cadernos de Arqueoloxía e Patrimonio (CAPA 19). Laboratorio de Patrimonio, Paleoambiente e Paixase (IIT-USC). Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ GARCÍA, F.J. 2003: *Os Ártabros: estudio xeográfico e etnohistórico*. Deputación Provincial. Ourense.
- GONZÁLEZ REBOREDO, J.Mª. 1971: *El folklore de los castros gallegos*. Universidad. Santiago de Compostela: 59)
- IES MIRAFLORES 2004: Oleiros. A Coruña. VARELA RODRÍGUEZ, F. «O misterio do outeiro».
- LAREDO VERDEJO, X.L., 1984: *A Coruña. As Mariñas. Ferrol*. Galicia Enteira, 7.
- LOPEZ ALONSO, J. 2003: *Informe / Memoria do control arqueolóxico na Rua Pardo Bazán (Abeleiras de Abaixo, Dorneda, Oleiros)*. Informe / Memoria inédita depositada na Dirección Xeral de Patrimonio.
- LUENGO MARTÍNEZ, 1950. *Excavaciones en el Castro y la Necrópolis de Meirás*. Comisaría General de Excavaciones Arqueológicas, nº 23.
- MARTÍNEZ GARRIDO, C.; 1989. *Fichas Inventario de Xacementos Arqueolóxicos*. Concello de Oleiros (A Coruña). Xunta de Galicia.
- NAVEIRO LÓPEZ, J. 1991: *El comercio antiguo en el N.W. peninsular*. A Coruña.
- 1994: *El Golfo Ártabro. Arqueología e Historia del gran puerto de los Galaicos Lucenses*. A Coruña.
- NAVEIRO LÓPEZ, J. e LÓPEZ GÓMEZ, F.-S. 1982 (Inédito). *Castros del Municipio de Oleiros*. Inédito.
- PARCERO OUBIÑA, C 2002: *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del Noroeste Ibérico*. Monografías de Arqueoloxía, Historia e Patrimonio, nº 1. Fundación F. M. Ortegalia. Ortiueira.
- PARGA CASTRO, A. 2002: *Control arqueológico de las obras de construcción de un depósito de regulación para abastecimiento en Edreira (Oleiros, A Coruña)*. Informe / Memoria da intervención arqueolóxica depositada na Dirección Xeral de Patrimonio.
- REY CASTIÑEIRAS, J. 1984. Estudio y Catalogación de los castros de La Provincia de La Coruña. *GALLAECIA*, nº 7/8. Santiago de Compostela.
- RIVERO RODRÍGUEZ, G. 2005: *Sociedade en Galicia no I milenio a.n.e.. Sondaxes e modelización aplicada á arqueoloxía*. Trabajo de investigación de 3º ciclo inédito. Universidade de Vigo.
- ROMERO MASÍA, A.M. 1980. Asentamientos costeiros no norte de Galicia. *GALLAECIA*, nº 6: 61-80. Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ-VILLASANTE PRIETO, J.A.; 1984. *Historia y tipología de las Defensas de Galicia (Funcionalidad, forma y ejecución del diseño clasicista)*. Edicións do Castro, Sada, A Coruña.
- SORALUCE BLOND; 1.985. *Castillos y fortificaciones de Galicia*. Fundación Barrie de la Maza, A Coruña.
- SOTO ARIAS, P. 1990. *Informe de la Intervención Arqueológica en la Iglesia de Santa María de Dexo*. Depositado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia (Servizo de Arqueoloxía).
- SOTO ARIAS, P. e LESTÓN GÓMEZ, M. 1991-1992. Intervención Arqueológica en la Iglesia de Santa María de Dexo. *ABRENTE (Publicación de la Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario)*; nº 23-24 (pp. 125-135). A Coruña.
- VV.AA. *Fichas Inventario de Xacementos Arqueolóxicos*. Concello de Oleiros (A Coruña). Xunta de Galicia.